

**GUÍA DOCENTE DE SEGUNDO INSTRUMENTO I-IV****ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA****TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)**

| 1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN | | | | | | | | | | |
|---------------------------------------|-----------------------|----------|-----|----------|---------------|----------|-----|--------------|-------------------------------------|--|
| DISCIPLINA: SEGUNDO INSTRUMENTO I-IV | | | | | | | | | | |
| ESPECIALIDADE | Composición Pedagoxía | | | | ITINERARIO | | | | ---- Xeral e da linguaxe musical | |
| CARÁCTER | Obrigatoria | | | | TIPO DE CLASE | | | | Individual | |
| CURSOS | 1º curso | 2º curso | | 3º curso | | 4º curso | | DEPARTAMENTO | | |
| CUADRIMESTRES | I | II | III | IV | V | VI | VII | VIII | Horas de clase semanais: | |
| ECTS/CUAD. | 3 | 3 | 3 | 3 | | | | | Observacións: | |
| | | | | | | | | | Guitarra | |
| | | | | | | | | | 1 h. | |

| 2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS | |
|---|---|
| DESCRITOR: | Adquisición de destrezas básicas para a interpretación musical cun segundo instrumento. Práctica da técnica instrumental e aprendizaxe do repertorio principal de nivel axeitado. Preparación para a interpretación en público, como solista ou formando parte dun grupo. |
| COÑECEMENTOS PREVIOS: | |
| RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS: | |
| COMPETENCIAS TRANSVERSAIS: | T1, T3, T6, T13, T15 |
| COMPETENCIAS XERAIS: | X1, X3, X6, X8, X11, X13, X21, X24 |
| COMPETENCIAS ESPECÍFICAS: | EC1, EC9, EP2, EP3, EP5 |
| Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro. | |

| 3. OBXECTIVOS | |
|--|---------------------------|
| DESCRICIÓN | COMPETENCIAS RELACIONADAS |
| Adoptar unha posición axeitada do corpo respecto do instrumento, que posibilite e favoreza a acción do conxunto brazo, antebrazo, pulso, mans, dedos esquerdos sobre o diapasón, e dos dereitos sobre as cordas. | Todas |
| Coñecer as características e as posibilidades sonoras do instrumento para conseguir un perfeccionamento continuo da calidade sonora e saber empregalo, dentro das exigencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto. | Todas |
| Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a este nivel. | Todas |

| 4. CONTIDOS |
|---|
| Percepción e desenvolvemento das funcións motoras que interveñen na execución guitarrística, e da súa adecuada coordinación. |
| Desenvolvemento da habilidade de cada man e da sincronización de ambas. |
| Desenvolvemento da distancia entre os dedos da man esquerda. |
| Principios xerais da dixitación guitarrística e o seu desenvolvemento, para expresar coa maior claridade as ideas e os contidos musicais. |



| |
|---|
| Emprego das posibilidades tímbricas do instrumento. |
| Coñecementos básicos dos recursos da guitarra. |
| Aprendizaxe das formas de ataque na man dereita para conseguir progresivamente unha calidade sonora adecuada e realizar planos simultáneos. |
| Harmónicos naturais. |
| Adquisición de hábitos de estudo correctos. |
| Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio guitarrístico. |

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

| ACTIVIDADE E DESCRICIÓN | CUALIDADE | TEMPORALIZACIÓN |
|-------------------------|-----------------|---------------------|
| Clases prácticas | Presenciais | Todo o cuatrimestre |
| Audicións | Presenciais | Todo o cuatrimestre |
| Traballo persoal | Non presenciais | Todo o cuatrimestre |

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuatrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación do cuatrimestre correspondente.

*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuatrimestres da disciplina.